

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022 (código de procedemento BS420A).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recolle, entre os seus ámbitos de actuación, que a Xunta de Galicia promoverá actuacións conducentes a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como a ampliación da rede de centros de atención á infancia.

Tendo en conta o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e mais o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúese á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia, articulada a través do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa integral cuxo obxectivo principal é aumentar o benestar das familias galegas mediante diferentes actuacións que se estruturan en tres eixes principais: axudas, servizos e recursos de conciliación.

Neste sentido, o obxectivo da área de conciliación do Programa PAN (PAN-Concilia) é crear un ambiente social favorable no cal non entren en conflito as responsabilidades



parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

Unha das liñas de acción do PAN-Concilia dirixese á universalización do primeiro ciclo de educación infantil, mellorando a accesibilidade deste recurso e constituíndo unha rede galega de centros de educación infantil 0-3 sostidos con fondos públicos articulada e de calidade, como recurso educativo e de prestación de servizo ás familias galegas, en que o papel das entidades privadas de iniciativa social é fundamental.

En consonancia co anterior, esta orde de axudas dirixese, por unha banda, a materializar a contribución da Administración galega ao sostemento dos centros de educación infantil 0-3 anos existentes e a fomentar a mellora da súa calidade e, por outra, a compensar aos ditos centros o custo que supón a bonificación do 100 % das cantidades correspondentes á atención educativa e tamén do custo da matrícula do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

Así mesmo, e como novidade, esta convocatoria prevé un incremento do 2,25 % no módulo do servizo con comedor no suposto de que se acredite o uso cotián de alimentos producidos ou elaborados na contorna local para primar o consumo de proximidade, como estímulo da economía local e reforzo da suficiencia de abastecemento na situación provocada pola evolución da COVID-19.

O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recolle, no seu artigo 25, as circunstancias que deben concorrer para a tramitación anticipada de expedientes de gasto, así como os requisitos que se deben cumprir.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 20 de novembro de 2020.



De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Esta orde, que se tramitará en réxime de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, adáptase ao disposto na dita lei, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de desenvolvemento; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao que foron establecidos,

RESOLVO:

Artigo 1 *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia non competitiva, o procedemento de concesión de axudas económicas para escolas infantís 0-3 anos dependentes de entidades privadas de iniciativa social coa finalidade de consolidar a oferta existente e ofrecer un servizo amplo de conciliación da vida familiar e laboral en que se preste unha atención educativa de calidade e cuns prezos homoxéneos para as familias (código de procedemento BS420A).

Estas axudas, dirixidas ao sostemento dos centros de educación infantil 0-3 anos existentes e á mellora da súa calidade, constan de dúas liñas: a liña 1 financiará gastos de mantemento destes centros e a liña 2 compensaraos pola aplicación dunha bonificación do



100 % do prezo correspondente á atención educativa de segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar e pola gratuidade da matrícula relativa ás prazas ocupadas por quen reúnan a dita condición para o curso 2021/22.

O período subvencionable en ambas as dúas liñas é o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de agosto de 2022.

2. Para os efectos da aplicación da bonificación do 100 % do prezo, entenderase por atención educativa a actividade realizada dentro da aula en horario ordinario. Así mesmo, os nenos e nenas deben ter a súa residencia en Galicia e entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e mais:

1º. As fillas e os fillos agás que, con consentimento do/a pai/nai, vivan de xeito independente.

2º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 7.510.934 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.3 coa seguinte desagregación:

Código proxecto	Ano 2021	Ano 2022	Total
2015-00477	4.491.904 €	2.863.575 €	7.355.479 €
2020-00082	95.000 €	60.455 €	155.455 €
Total	4.586.904	2.924.030	7.510.934 €

2. De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co previsto no 30.2. do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda



condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

Poderán optar a estas axudas as entidades privadas de iniciativa social que teñan en funcionamento unha ou máis escolas infantís 0-3 que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia e cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social, de acordo co disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

b) Que a escola infantil 0-3 para a que se solicitan as axudas cumpra os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como na normativa de desenvolvemento.

c) Que a escola infantil 0-3 pola que solicitan as axudas dispón da documentación que acredita que os nenos e nenas que asisten a ela seguen o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación e teñen a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Que a escola infantil para a que se solicitan as axudas estea aplicando no curso 2020/21 un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería.

Artigo 4. *Tipos de axuda e contías*

1. A convocatoria comprende unha liña 1 destinada a axudas para gastos de mantemento e unha liña 2, destinada á compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da gratuidade da matrícula.



2. A liña 1 referida a axudas para gastos de mantemento ten como finalidade compensar os gastos que se produzan e/ou se aboan desde o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de agosto de 2022 nos seguintes conceptos:

a) Gastos de persoal, sempre que os seus importes non excedan os salarios e complementos establecidos para cada categoría profesional no último convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil.

b) Gastos de alimentación.

c) Outros gastos xerais de mantemento do centro.

A contía da axuda para gastos de mantemento establecerase en función do número de unidades da escola infantil 0-3 autorizadas que estean en funcionamento na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes e da prestación do servizo de comedor, segundo os seguintes módulos para os efectos do previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e mais nos artigos 44 e 52 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

	Centros con servizo de comedor			Centros sen servizo de comedor
	De 1 a 3 unidades	De 4 a 6 unidades	Con 7 ou máis unidades	
Contía total por unidade en funcionamento	21.532 €	20.558 €	19.572 €	17.382 €

De non estar en funcionamento todas as unidades o ano completo, aplicarase unha redución proporcional ao tempo en que non se prestou o servizo.

As contías previstas para os centros con servizo de comedor incrementaranse un 2,25 % no suposto de que se acredite o uso cotián de alimentos de proximidade, producidos ou elaborados na contorna local na prestación do dito servizo, entendendo que cumpren esta condición os que proceden de cadeas de distribución curtas e de mercados locais.

Para os efectos desta orde enténdese por servizo de comedor o prestado ben por persoal do propio centro ben por persoal alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), e que inclúe os alimentos. Este servizo comprenderá, en todo caso, o xantar e, opcionalmente, o almorzo e merenda e/ou cea.

3. A liña 2 destinada a compensar a estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e pola gratuidade da matrícula, para os segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar.



As axudas pola aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa estableceranse en función do número de prazas efectivamente ocupadas e terán unha contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar á familia nunha praza pública segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.

A gratuidade da matrícula do curso 2021/22 compensarase cunha axuda de ata un máximo de 100 euros por matrícula, excluído calquera concepto distinto do da inscrición e referida unicamente aos nenos e nenas que ocupan praza na data da certificación de ocupación para a xustificación.

Para os efectos do previsto nos parágrafos anteriores, durante todo o período subvencionable a entidade emitirá os xustificantes mensuais de pagamento para entregar aos suxeitos obrigados en que conste o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar coa lenda prezo bonificado 100 %. Esta lenda constará, igualmente, nos xustificantes de matriculación.

Artigo 5. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

1. A percepción das axudas para gastos de mantemento é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrenza con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere os gastos da actividade subvencionada.

4. A percepción das axudas pola bonificación do prezo establecido é incompatible con calquera outra subvención, axuda e ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

5. As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a



mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver achegar actualizado no suposto de variar as circunstancias inicialmente declaradas.

Artigo 6. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse, obrigatoriamente, por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. De acordo co previsto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 7. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade e representación da persoa que solicita a axuda.
- b) Datos do/s centro/s para os que se solicita a subvención (anexo II).
- c) Tarifa de prezos do curso 2020/21, adaptada ao disposto na letra d) do artigo 3.



2. Documentación específica para a liña 1. Axudas para gastos de mantemento:

a) Resumo da memoria do centro do curso escolar 2019/20 (máximo de 10 páxinas) onde se aborden os seguintes contidos:

1º. Horarios e servizos que presta.

2º. Unidades en funcionamento detallando os grupos de idade, ocupación e adscrición do persoal educativo ás ditas unidades.

3º. Persoal adscrito ao centro diferenciado por categorías profesionais e xornada laboral.

4º. Descrición xeral das actividades realizadas co alumnado.

5º. Relación de protocolos con que conta.

6º. Mención ás actividades de formación do persoal, de ser o caso.

b) Proxecto lingüístico do centro.

3. Documentación específica para a liña 2. Compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da gratuidade da matrícula:

a) Certificado do número de prazas ocupadas por segundos fillos ou fillas e sucesivos/as á data de presentación da solicitude e da contía global mensual do prezo que corresponda pola atención educativa dos segundos fillos/as e sucesivos matriculados/as segundo o previsto no número 3 do artigo 4, asinado pola persoa representante legal da entidade solicitante (anexo VI).

b) Relación nominal dos segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da escola á data de presentación da solicitude (anexo VII). Para a elaboración deste documento o órgano concedente facilitaralles ás entidades beneficiarias o modelo de ficheiro en formato adecuado para xuntar coa certificación anterior.

As entidades solicitantes beneficiarias de axuda ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS420A) só terán que presentar a documentación complementaria prevista neste



número no suposto de terse producido variacións respecto da que conste no expediente da dita axuda.

4. Ademais, na epígrafe correspondente do anexo I faranse constar as seguintes declaracións:

a) O conxunto de todas as axudas concedidas para a mesma finalidade da solicitada ao abeiro desta orde.

b) Que a escola infantil indicada dispón de proxecto educativo e proposta pedagóxica, de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e que se encontra á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para calquera comprobación que sexa precisa.

c) Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación dos nenos e nenas que asisten á escola infantil e do requisito de residencia en Galicia respecto dos que acceden á bonificación.

d) Que a escola infantil está aplicando no curso 2020/21 un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.

e) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.

f) Que non se está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

g) Que non se está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Que se está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

i) Que a entidade solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



5. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados con anterioridade pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

6. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

8. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 9. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) Inhabilitación para obter subvencións ou axudas.

d) Concesións de subvencións ou axudas.

e) Certificación de estar ao día das obrigas tributarias emitida pola Axencia estatal de Administración tributaria (AEAT).

f) Certificación de estar ao día das obrigas coa Seguridade Social.

g) Certificación de estar ao día das obrigas tributarias coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Instrución e procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de



ño. En consecuencia, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes seguindo a orde de presentación das solicitudes de acordo co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e concederá a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

2. A instrución do procedemento correspóndelle á subdirección con competencias en materia de demografía e conciliación quen realizará as correspondentes propostas de resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se terán por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o órgano instrutor realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderá requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, para aquelas que reúnan todos os requisitos e acheguen a documentación necesaria solicitarase un informe á subdirección con competencias en materia de autorización e inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social sobre as condicións actuais dos centros solicitantes, para os efectos de comprobación do cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais.

6. As solicitudes que recollan os datos e a documentación necesaria tramitaranse por un procedemento abreviado en que o órgano instrutor formularalle ao órgano concedente a proposta de resolución tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a súa concesión.

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, pórse de manifesto ás entidades interesadas, tendo en conta as limitacións previstas, de



ser o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas entidades interesadas.

7. Respecto dos expedientes en que concorran causas de inadmisión, así como de declaración ou aceptación de desistencia, o órgano instructor formulará a correspondente proposta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar a resolución de inadmisión e o arquivamento, sen posibilidade de emenda, das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

Artigo 11. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axuda, logo da fiscalización da proposta, facendo uso das facultades conferidas no artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, correspóndelle ao director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

Con anterioridade a ditarse a resolución de concesión deberá quedar acreditado que a entidade beneficiaria está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar é de catro meses contados a partir do día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

3. A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación se esta é expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación, se esta for expresa, ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.



Artigo 14. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

2. Nas axudas da liña 2. Compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da gratuidade da matrícula, poderá modificarse a resolución inicial cando existan variacións no número de prazas ocupadas por segundos/as fillos/as e sucesivos/as durante o período de aplicación desta convocatoria. Para estes efectos, terase en conta:

a) Se a contía resultante é superior á concedida, ou se inicialmente non hai prazas ocupadas que dean dereito a bonificación pero si posteriormente, poderán ditarse resolucións complementarias pola contía que corresponda nos termos previstos no artigo 4.

b) No caso de que a contía total calculada pola certificación anual de ocupación resulte inferior á concedida, ditaranse as resolucións revogatorias que procedan.

c) As modificacións da concesión inicial realizaranse tendo en conta que a axuda por bonificación da atención educativa calcúlase mensualmente, excluído o mes de vacacións. A axuda pola gratuidade da matrícula non é divisible e unicamente se xera para as prazas efectivamente ocupadas na data da certificación de ocupación para a xustificación anual da axuda.

d) As resolucións complementarias están supeditadas á existencia de crédito axeitado e suficiente e á solicitude da entidade de modificación da resolución de concesión coa que achegará o certificado de matrícula actualizado.

Artigo 15. *Xustificación das axudas*

1. As entidades beneficiarias deberán presentar en cada anualidade unha xustificación independente. Con base no establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e mais nos artigos 44 e 52 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tendo en conta o obxecto e a natureza destas axudas, as entidades beneficiarias, deberán achegar coa solicitude anual de pagamento e de concesión complementaria nos supostos recollidos no



artigo 13.2.a) (anexo V), e con data límite do 5 de decembro de 2021 e do 10 de setembro de 2022, respectivamente, a seguinte documentación:

a) Xustificación anual da liña 1. Axudas para gastos de mantemento:

1º. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2º. Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

2º.1. Acreditación sobre o número de unidades físicas en funcionamento consideradas como módulo.

2º.2. Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os módulos previstos nestas bases reguladoras.

2º.3. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

2º.4. Detalle dos gastos realizados durante o período subvencionable a que fai referencia a xustificación en que se incluírá, de ser o caso, descrición específica e separada de produtos e provedores relativa aos gastos realizados en alimentos de proximidade.

3º. Certificado acreditativo do uso cotián de alimentos de proximidade na prestación do servizo de comedor asinado pola persoa representante legal da entidade solicitante, de ser o caso.

b) Xustificación anual da liña 2. Compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da gratuidade da matrícula:

1º. Certificado de prazas ocupadas por segundos e sucesivos fillos/as do período subvencionado emitido conforme o previsto no artigo 7.3 e actualizado á data de presentación da xustificación (anexo VI).

2º. Relación nominal dos segundos fillos ou fillas e sucesivos/as do período subvencionado (anexo VII) actualizado á data de presentación da xustificación.



2. A Consellería de Política Social poderá comprobar os xustificantes que xulgue oportunos respecto do importe total da actividade subvencionada e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, podendo requirir á entidade beneficiaria a entrega dos xustificantes non achegados inicialmente e mais da documentación xustificativa da entrega ás familias dos xustificantes mensuais de pagamento e de matriculación, emitidos nos termos establecidos nesta orde.

Artigo 16. *Pagamento*

1. As entidades beneficiarias das axudas percibirán un pagamento anticipado do 100 % da cantidade correspondente á primeira anualidade, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión.

2. Na anualidade 2022 librarase un pagamento anticipado de ata o 90 % da subvención que corresponda á dita anualidade. O importe restante librarase unha vez xustificadas os gastos e/ou o número de prazas ocupadas por segundos/as e sucesivos/as fillos ou fillas para os que se concedeu a axuda.

No suposto de que a contía da subvención xustificada correspondente á primeira anualidade da liña 1 sexa inferior á concedida, con carácter previo ao pagamento do anticipo da segunda anualidade ditarase a resolución revogatoria que corresponda con respecto á resolución inicial.

No suposto de que a contía da subvención xustificada correspondente á primeira anualidade da liña 2 sexa superior ou inferior á concedida, con carácter previo ao pagamento do anticipo da segunda anualidade ditarase a resolución complementaria ou revogatoria que corresponda con respecto á resolución inicial e, de haber diferenza, esta compensarase con cargo aos créditos da segunda anualidade.

3. A percepción destes pagamentos en concepto de anticipo queda exonerada da constitución de garantías.

4. En todo caso, o importe da axuda por gastos de mantemento non poderá ser superior á diferenza entre os gastos correntes e os ingresos do exercicio 2021 e do período subvencionado en 2022 que a entidade certifique conforme o previsto no artigo 20.1.j).



Artigo 17. *Determinación da renda per cápita mensual*

1. As entidades subvencionadas adxudicarán as prazas segundo o baremo que se recolle no anexo VIII. Para estes efectos, na valoración da situación económica seguiranse as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e mais:

1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/a pai/nai, vivan de xeito independente.

2º. As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3º. As fillas e os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano.

No suposto de non convivencia das dúas persoas proxenitoras, se unha delas asume en solitario o sustento da unidade familiar, familias monoparentais segundo o disposto no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a renda da que non contribúe non será computada sempre que se acredite documentalmente a dita circunstancia.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento de presentación da solicitude de praza.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas de cada un dos seus membros do ano 2019, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

No suposto de unidades familiares en que ningún dos seus membros ten obrigaçión de facer declaración conforme o previsto na normativa do IRPF, os ingresos serán os que consten no/s certificado/s expedidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativo/s de tal aspecto.



c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de unidades familiares formadas por unha soa persoa proxenitora (familias monoparentais) incrementarase o número real de membros que a compoñen nun 0,8 sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe resultante por doce.

2. Cando as circunstancias á data da devindicación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas non coincidan coas circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza, teranse en conta estas últimas, previamente xustificadas documentalmente.

Artigo 18. *Prezos*

1. As entidades solicitantes destas axudas acreditarán estar aplicando no curso 2020/21 un réxime de prezos equivalente ao regulado polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, coas actualizacións publicadas da variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos seguintes termos:

a) Atención educativa. Poderán percibir das persoas usuarias o importe dos prezos máximos establecidos, aos cales deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen no dito decreto en función da renda e das circunstancias da unidade familiar.

b) Servizo de comedor. Poderán percibir das persoas usuarias o importe do prezo máximo unitario equivalente ao establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.

2. Se algún centro presta outro tipo de servizo distinto dos previstos no réxime de prezos establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, indicados no número anterior para os centros públicos, só poderá establecer un prezo polos relacionados a continuación e coas condicións e contías máximas indicadas para cada un deles, agás que se trate do servizo de transporte, polo que poderán seguir percibindo o importe correspondente.

a) Matrícula: prezo máximo por curso 100,00 €.

b) Material: prezo máximo por curso 58,00 €.



c) Cociña, entendida como a prestación do servizo consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as familias: prezo máximo por mes 25,00 €. Este servizo non poderá cobrarse simultaneamente ao de comedor.

d) Actividades complementarias, que deberán ter carácter voluntario e garantir a atención educativa na aula dos nenos e nenas que non as realicen desenvolvendo outra actividade incluída na programación didáctica. Só se considerarán actividades complementarias as seguintes:

1º. Natación.

2º. Lingua estranxeira, entendida coma a impartida por persoal con formación específica e titulación oficial e nunha aula diferente.

Calquera outra actividade distinta das anteriores non se considera actividade complementaria, senón que forma parte do currículo.

Artigo 19. *Subcontratación*

1. Poderase autorizar a subcontratación total ou parcial da actividade subvencionada. A dita subcontratación axustarase, en todo caso, ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do seu regulamento, aprobado mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Cando a actividade concertada con terceiras persoas exceda o 20 % do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación deberá realizarse por escrito e a súa subscripción deberá ser previamente autorizada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica nos termos do número 3 deste artigo. En todo caso, a solicitude de autorización, que deberá estar debidamente xustificada, deberá formularse antes da resolución da subvención.

Xunto coa citada solicitude deberase presentar documentación acreditativa da especialización da entidade con que se contrata a realización da actividade, así como a acreditación de que esta entidade se encontra ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

3. A resolución de autorización de subcontratación será ditada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da con-



selleira de Política Social, e notificarase no prazo dun mes contado dende a data de presentación da solicitude de subcontratación. Esta resolución porá fin á vía administrativa, contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou ben poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 20. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais especificamente a:

a) Manter actualizados no RUEPSS todos os datos exixidos pola normativa de aplicación e, nomeadamente, os seguintes: relación nominal de traballadores/as, rexistro de persoas usuarias e prazas vacantes.

b) Asegurar o cumprimento do proxecto educativo na/s escola/s subvencionadas.

c) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social.

d) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Política Social respecto dos centros subvencionados.

e) Realizar a selección de solicitudes para a adxudicación de prazas na escola infantil 0-3 de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VIII.

f) Ter a disposición da Consellería de Política Social a documentación acreditativa de que todos os nenos e nenas matriculados na escola infantil 0-3 cumpren o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación e teñen a súa residencia na Comunidade autónoma de Galicia.

g) Prestar servizo cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral ou salvo causa xustificada, logo da autorización da Consellería de Política Social. Nos supostos en que se vexa afectada a actividade presencial por indicación da autoridade sanitaria observárase o disposto no artigo 21.



h) Asegurar na prestación do servizo de comedor que se proporciona unha dieta equilibrada e axeitada á idade dos nenos e nenas e poñer á disposición dos pais e das nais a relación semanal de menús; ter á disposición da Consellería de Política Social a documentación acreditativa do consumo cotián de produtos de proximidade, de ser o caso.

i) Cumprir cos contidos exixidos para o proxecto lingüístico, de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

j) Enviar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica os seguintes certificados de ingresos e gastos (anexo III):

1º Un certificado compresivo de todo o ano 2021, que deberá ser remitido antes do 31 de xaneiro de 2022.

2º Un certificado compresivo do período subvencionable do ano 2022, que deberá ser remitido antes do 10 de setembro de 2022.

k) En relación coas solicitudes de novo ingreso para o curso 2021/22:

1º. Facilitar unha copia do modelo de solicitude de axudas que figura como anexo IV a esta orde ás persoas que lles soliciten praza, co obxecto de que poidan exercer a opción por unha axuda do Bono Concilia no caso de figurar en lista de espera no centro.

2º. Remitir á xefatura territorial da Consellería de Política Social da súa provincia, con data límite do 19 de xuño de 2021, a relación de solicitantes de prazas do centro que se encontren en lista de espera para o curso 2021/22 e que, pola súa vez, optan polo Bono Concilia. A esta relación xuntaranse todas as solicitudes de axuda do Bono Concilia (anexo IV).

l) Aplicar a bonificación do 100 % do custo por atención educativa e matrícula a todos os segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar residentes en Galicia matriculados na escola infantil 0-3 e conservar á disposición da Consellería de Política Social a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ter acceso á dita bonificación e mais da entrega ás familias dos xustificantes mensuais de pagamento e de matriculación, emitidos nos termos establecidos no número 5 do artigo 4.

m) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



n) Dar a adecuada publicidade das axudas percibidas a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.

o) Dar adecuada publicidade ao número de solicitudes de praza recibidas e o baremo aplicado para a súa selección a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.

2. As entidades beneficiarias teñen a obriga de subministrar información nos termos previstos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 21. *Incumprimento, revogación e reintegro de axudas*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Cando se incumpra totalmente a obriga da xustificación da subvención ou non se achegue a documentación prevista na letra j) do artigo 20.

d) Cando se incumpra a obriga de conservación da documentación acreditativa da entrega ás familias dos xustificantes mensuais de pagamento e de matriculación onde conste a bonificación do 100 % do prezo da matrícula e/ou da atención educativa.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



2. Procederá o reintegro parcial proporcional ao grao de incumprimento nos seguintes supostos:

a) Cando se incumpran parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou se adopte de xeito parcial o comportamento que fundamentou a concesión da subvención, entre o 2 % e o 50 % da axuda percibida, en proporción ao período do ano en que se producise o incumprimento.

Nos supostos en que a actividade presencial se vexa afectada por indicación da autoridade sanitaria por tempo superior a un mes procederá o reintegro do 2 % da contía da axuda percibida en proporción ao período de tempo que corresponda.

b) No caso de xustificación insuficiente segundo os termos do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro das cantidades non xustificadas ou xustificadas insuficientemente.

c) Cando se incumpra a obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no artigo 18, procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida.

d) Cando se dea algún incumprimento do resto das obrigas contempladas no artigo 18, procederá o reintegro de entre o 2 % e o 80 % da axuda percibida, de xeito proporcional ao grao de incumprimento, tendo en conta a súa duración e o alumnado afectado.

3. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de mora correspondente.

4. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as entidades beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Artigo 22. *Infraccións e sancións*

Ás entidades beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira. *Límite das axudas*

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins e respectando, en todo caso, a realización das actuacións subvencionables dentro do exercicio económico correspondente de conformidade co establecido no artigo 1.

Disposición adicional segunda. *Base de datos nacional de subvencións*

A Consellería transmitirá á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Disposición adicional terceira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación das facultades para a concesión destas subvencións a favor do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao abeiro do establecido no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar os actos e instrucións necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2020

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO BS420A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS DA ESCOLA INFANTIL 0-3							
NOME						Nº REGISTRO	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>			

TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA	
<input type="checkbox"/> LIÑA 1. AXUDAS PARA GASTOS DE MANTEMENTO	
USO COTIÁN DE ALIMENTOS DE PROXIMIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
<input type="checkbox"/> LIÑA 2. COMPENSACIÓN DA BONIFICACIÓN DO 100 % DO PREZO CORRESPONDENTE Á ATENCIÓN EDUCATIVA PARA SEGUNDOS/AS FILLOS/AS E SUCESIVOS/AS E DA GRATUIDADE DA MATRÍCULA	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: dk0mzd85-kef5-wz71-ock6-jzuefwxpuiw8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que a escola infantil indicada dispón de proxecto educativo e proposta pedagóxica, de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e que se encontra á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para calquera comprobación que sexa precisa.
3. Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación dos nenos e nenas que asisten á escola infantil e do requisito de residencia en Galicia respecto dos que acceden á bonificación.
4. Que a escola infantil está aplicando no curso 2020/21 o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.
5. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
6. Que non está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Que non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


Así mesmo, comprométome a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Datos do centro para o que se solicita a subvención (anexo II).			
<input type="checkbox"/> Tarifa de prezos do curso 2020/21, adaptada ao disposto na letra d) do artigo 3.			
<input type="checkbox"/> Relación nominal dos segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da escola á data de presentación da solicitude (anexo VII).			
<input type="checkbox"/> Acreditación da personalidade e representación da persoa representante			
<input type="checkbox"/> Resumo da memoria do centro do curso escolar 2019/20			
<input type="checkbox"/> Proxecto lingüístico do centro			
<input type="checkbox"/> Certificado do número de prazas ocupadas por segundos fillos ou fillas e sucesivos/as á data de presentación da solicitude e da contía global mensual do prezo que corresponda pola atención educativa dos segundos fillos/as e sucesivos matriculados/as segundo o previsto no número 3 do artigo 4, asinado pola persoa representante legal da entidade solicitante (anexo VI).			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Inhabilitación para obter subvencións ou axudas	<input type="checkbox"/>
Concesión de subvencións ou axudas	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día das obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día das obrigas tributarias coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

 SEDE ELECTRONICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: dk0mzd85-kef5-wz71-ock6-jzuefwxpuw8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022 (código de procedemento BS420A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO II
DATOS DO CENTRO

BS420A - AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL

A) INGRESOS			TIPOS (MARCAR CUN X)	CONTÍA (€)
INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS			<input type="checkbox"/>	
DOAZÓNS			<input type="checkbox"/>	
RECURSOS PROPIOS			<input type="checkbox"/>	
SUBVENCÍONS	ORGANISMOS PÚBLICOS	ESTADO	<input type="checkbox"/>	
		COMUNIDADE AUTÓNOMA	<input type="checkbox"/>	
		DEPUTACÍONS	<input type="checkbox"/>	
		CONCELLOS	<input type="checkbox"/>	
	INSTITUCÍONS PRIVADAS	<input type="checkbox"/>		
OUTROS			<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/>	
			<input type="checkbox"/>	
TOTAL INGRESOS				

B) GASTOS PREVISTOS		DISTRIBUCIÓN	CONTÍA (€)
DE PERSOAL			
DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN			
DE ALIMENTACIÓN			
DE ACTIVIDADES			
OUTROS			
TOTAL GASTOS			

TOTAL GASTOS CORRENTES:

CUSTO ANUAL ESTIMADO DA PRAZA:


CUSTO MENSUAL ESTIMADO DA PRAZA:

TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO:

C) TARIFA DE PREZOS




Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO III
CERTIFICACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

BS420A - AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL

DATOS DA ENTIDADE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CERTIFICA	
Que os datos consignados no presente balance son certos e que na contabilidade da institución están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Política Social para calquera comprobación que se queira efectuar.	
BALANCE DE INGRESOS E GASTOS	
INGRESOS	GASTOS
De organismos públicos (detállense organismos e conceptos)	Persoal
- Do Estado <input type="text"/>	- Retribucións (básicas e complementarias) <input type="text"/>
- Da Comunidade Autónoma	- Cotas Seguridade Social <input type="text"/>
* Consellería de Política Social <input type="text"/>	Material
* Consellería de Cultura, Educación e Universidade <input type="text"/>	- Material de oficina non inventariable <input type="text"/>
* Outras consellerías (especificuense)	- Prensa, revistas e publicacións periódicas <input type="text"/>
<input type="text"/>	- Material funxible e específico <input type="text"/>
<input type="text"/>	- Fotocopias e reprografía <input type="text"/>
<input type="text"/>	Xerais
- Outras CC.AA.	- Auga <input type="text"/>
* Das deputacións <input type="text"/>	- Combustible para calefacción <input type="text"/>
* Dos concellos <input type="text"/>	- Combustible para outros usos <input type="text"/>
De institucións privadas (detállense institucións e conceptos)	- Electricidade <input type="text"/>
- Por cotas de socios <input type="text"/>	- Lenzaría e vestuario <input type="text"/>
- Por ingresos derivados de actividades de recadación <input type="text"/>	- Produtos alimenticios <input type="text"/>
- Por cobramento de servizos <input type="text"/>	- Outras subministracións <input type="text"/>
- Por contribucións da asociación ou institución de que dependa <input type="text"/>	- Teléfono <input type="text"/>
	- Comunicacións postais <input type="text"/>
	- Tributos locais, autonómicos e estatais <input type="text"/>
	- Limpeza (no caso de tela contratada con outra empresa) <input type="text"/>
	- Alugamento <input type="text"/>
	- Outros gastos (especificuense)
	<input type="text"/>
INGRESOS TOTAIS <input type="text"/>	GASTOS TOTAIS <input type="text"/>
SUPERÁVIT <input type="text"/>	DÉFICIT <input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

CVE-DOG: dk0mzd85-kef5-wz71-ock6-jzuefwxpuiw8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO IV
MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA PARA SOLICITANTES DE PRAZA EN LISTA DE ESPERA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL

B5403A-PROGRAMA BONO CONCILIA

DATOS DA/DO NENA/O

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ. ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Nº SEGURIDADE SOCIAL	CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (incluída a persoa solicitante)	NIF	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
SUMA DE INGRESOS ANUAIS					
Nº MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR					
<input type="text"/>					

SERVIZOS SOLICITADOS
 Atención educativa con comedor Atención educativa


**ANEXO IV**
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de 


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO V
SOLICITUDE DE PAGAMENTO ANUAL DA SUBVENCIÓN

BS420A - AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

NOME DA ESCOLA INFANTIL:

SOLICITA:

- Que se aboe a axuda da liña 1 para gastos de mantemento
- Que se aboe a axuda da liña 2 compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente a atención educativa para segundos/as fillos/as e sucesivos/as e da gratuidade da matrícula
- A concesión complementaria e o abono da axuda da liña 2 compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente a atención educativa para segundos/as fillos/as e sucesivos/as e da gratuidade da matrícula polo importe equivalente ao incremento certificado

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa.
- Certificado acreditativo do uso cotián de alimentos de proximidade na prestación do servizo de comedor.
- Certificado de prazas ocupadas por segundos/as e sucesivos/as fillos/as do período subvencionado actualizado á data de presentación da xustificación (anexo VI).
- Relación nominal dos segundos/as fillos/as e sucesivos/as do período subvencionado actualizado á data de presentación da xustificación (anexo VII).

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

 OPÓNOME Á
 CONSULTA

Certificación de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social

Certificación de estar ao día de pagamento coa Facenda da Comunidade Autónoma

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

 AUTORIZO A
 CONSULTA

Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT

 SI NON

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO VI

CERTIFICADO DE PRAZAS OCUPADAS POR SEGUNDOS E SUCESIVOS FILLOS/AS DA ESCOLA INFANTIL 0-3
BS420A - AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO


NIF

CERTIFICO QUE:1º O prezo da matrícula do curso 2020/21 é de € neno/a e que ascende a un total de €.As matrículas bonificadas ao 100 % pola escola por segundos fillos/as e sucesivos son e a contía ascende a €.2º O prezo da matrícula do curso 2021/22 é de € neno/a. As matrículas bonificadas ao 100 % pola escola porsegundos fillos/as e sucesivos son e a contía ascende a €.3º O número de prazas ocupadas nesta data por nenos/as que son segundos ou sucesivos fillos/as residentes en Galicia é de 4º A contía global mensual do prezo pola atención educativa dos segundos fillos/as e sucesivos matriculados/as segundo o previsto no número 3 do artigo 4, ascende a €.

5º A escola aplicou unha bonificación do 100 % da matrícula e da atención educativa ás familias con segundos e sucesivos fillos/as residentes en Galicia no período polo que se solicita a axuda, de acordo co que se reflicte na relación nominal (anexo VII).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 2021 SEDE ELECTRONICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO VII

RELACION NOMINAL DE SEGUNDOS FILLOS OU FILLAS E SUCESIVOS/AS DA ESCOLA INFANTIL 0-3
BS420A - AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL

As variacións ou circunstancias que a escola necesita comunicar respecto dos datos desta relación que non poidan reflectirse na columna observacións xuntaranse nun documento aparte. A dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten a disposición das entidades solicitantes/beneficiarias este documento en formato ods, xls para facilitar a súa elaboración e presentación para xestión da axuda.

DENOMINACIÓN ENTIDADE:		ESCOLA														EXPEDIENTE:									
IDENTIFICACIÓN PARA BONIFICACIÓNS				ASISTENCIA E PREZO POR ATENCIÓN EDUCATIVA													TOTALS		NIF:						
APELIDOS E NOME ALUMNO/A	APELIDOS E NOME PAI/NAI/TITOR	DNI/NIE PAI/NAI/TITOR	ORDE FILLO/A NA UNIDADE FAMILIAR	DATA NACEMENTO FILLO/A	ASIS-TENCIA HORAS/DÍA	RESER-VADO ADMÓN.	XAN.	FEB.	MAR.	ABR.	MAI.	XUÑ.	JULL.	AGO.	SET.	OUT.	NOV.	DEC.	MES VACACIÓNS	NÚM. TOTAL MESES	CUSTO TOTAL DO PERÍODO	PREZO MATRÍCULA	OBSERVACIÓNS		



Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO VIII**Baremo de admisión nas escolas de iniciativa social**

As prazas adxudicaranse segundo os seguintes criterios preferentes:

A) Solicitudes de renovación de praza das/os nenas/os matriculadas/os no curso 2020/21.

B) Solicitantes cunha/cun irmá/n con praza adxudicada (renovada ou de novo ingreso para o curso 2021/22).

C) O resto de solicitudes adxudicaranse segundo a puntuación obtida pola aplicación do seguinte baremo:

1º. situación sociofamiliar.

1.1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.

1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao seu cargo: 1 punto.

1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacera nun parto múltiple: 1 punto.

1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos.

1.5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.

1.6. No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.

1.7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.

1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos.

2º. Situación laboral familiar.

2.1. Situación laboral de ocupación:

Nai: 7 puntos.

Pai: 7 puntos.



2.2. Situación laboral de desemprego (1):

Nai: 2 puntos.

Pai: 2 puntos.

2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

Nai: 3 puntos.

Pai: 3 puntos.

– (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta orde.

– No caso de familias monoparentais ou naquelas en que o neno ou a nena conviva cun só proxenitor, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

– Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º. Situación económica.

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

– Inferior ao 30 % do IPREM: +4 puntos.

– Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM: +3 puntos.

– Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM: +2 puntos.

– Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto.

– Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM: -1 punto.

– Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos.

– Entre o 150 % e o 200 % do IPREM: -3 puntos.

– Superior ao 200 % do IPREM: -4 puntos.



- En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada, e despois a renda per cápita máis baixa.
- Para os efectos desta orde, están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivendo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.
- No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais, adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes segunda e terceira do baremo.
- No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

